

Libros



El actividá editorial da villa de Bual nun acouga. Se nel número anterior falábamos de dous vocabularios da fala del conceyo, agora temos que fer referencia á publicación, da mao del asociación Penedo Aballón, del libro *Retazos, añoranzas...* del naviego de nación pero bualés de pación Ángel Arias Fernández. É poesía y prosa en castellano, anque tamén incluye sete composicíois en verso na fala de Bual.

Normalización Social

- Queremos felicitar a Felix González Sampedro, alcalde de barrio de Rozadas (Bual) –tamén conocido pol sou labor emprendedor nel turismo rural y na recuperación del patrimonio cultural del conceyo–, por usar a nosa fala condo escribe os bandos. Neste que reproducimos, fendo d'alvedor, chama a os vecíos a os camíos. Dizque nun ye fixeron muito caso cua chamada pero nun debéu ser porque nun entenderan el bando...

D. FÉLIX GONZÁLEZ SAMPEDRO, ALCALDE DE ROZADAS (CONCEYO DE BUAL)

CHAMA A TODOS OS VECÍOS DE ROZADAS PRA ROZAR Y LLIMPAR OS CAMÍOS VECINALES A OS SÁBADOS ÁS TRES DA TARDE A PARTIR DEL DÍA 6 D'OUTUBRE Y HASTA QUE QUEDEN LLIMPOS, COMO SE FEXO EL AÑO PASADO POR ESTE TEMPO.

EN ROZADAS A 27 DE SETEMBRE DE 2001

- Hai que destacar el detalle del asociación conservacionista ANA (Asociación Asturiana d'Amigos da Naturaleza) pra cua pluralidá llingüística d'Asturias. Nel última páxina del sou boletín, *Asturnatura*, sempre publican os obxetivos pra os que nacéu ANA en asturiano, castellano, francés y inglés. Dende el número 16 xa incluyen tamén úa versión en gallego-asturiano.

FOYA DE CONTROL DE REPRODUCCIÓN Y FERTILIDÁ

Merinario: Xabiel G. Menéndez Coto: _____ Lugar: _____ Año: _____

NOME DA VACA	1º SERVICIO			2º SERVICIO			3º SERVICIO			4º SERVICIO			5º SERVICIO		
	FECHA	SEMENAL	OVARIOS	FECHA	SEMENAL	OVARIOS	FECHA	SEMENAL	OVARIOS	FECHA	SEMENAL	OVARIOS	FECHA	SEMENAL	OVARIOS
	TRAZA DEL LLIMO	TRATAMIENTO POSTO	DIAGNÓSTICO	TRAZA DEL LLIMO	TRATAMIENTO POSTO	DIAGNÓSTICO	TRAZA DEL LLIMO	TRATAMIENTO POSTO	DIAGNÓSTICO	TRAZA DEL LLIMO	TRATAMIENTO POSTO	DIAGNÓSTICO	TRAZA DEL LLIMO	TRATAMIENTO POSTO	DIAGNÓSTICO

RECETA VETERINARIA OFICIAL

Atiende: _____
Propietario: _____
Dirección: _____
Lugar: _____
Localidad: _____
Caserío: _____
Explotación: _____
Nº d'animales: _____ Especie: _____
Nº de animales: _____
Nº del oreya: _____
Nº del cristal: _____

Veterinario: **Xabiel G. Menéndez**
Colex. nº 520 del Colexo d'Asturias
El Marón, s/n. 33746 Valdepareas
El Franco (Asturias)

Firma: _____
Fecha: _____

Cruño del dispensador: _____
Sello del dispensador: _____

Tempo d'espera: _____ Lletre: _____ Carne: _____
Tiempo de espera: _____ Leche: _____ Corne: _____

Observación: _____

Valido pra úa inyección namás. Caducos a os diez días.
Valido pra un solo medicamento. Caducos a los diez días.

Original blanco. Exempler pal Cliente • Copia rosa. Exempler pal Dispensador • Copia marfil. Exempler pal Veterinario.

- Tamén hai que felicitar al veterinario Xabiel G. Menéndez, de Valdepareas (El Franco), por fer na nosa fala tanto as súas recetas oficiales como as foyas de control de reproducción.

Nun é casualidá que nestos días el A.D.G. (Asociación de Defensa Ganadeira) *El Binteiro*, fundada de pouco nel conceyo del Franco, rexistrara os sous estatutos de xeito bilingüe, en castellano y en gallego-asturiano.


Revistas

A Fundación Méjica acaba de sacar a súa revista *La Manzana de las Luces/ A Mazá das Lluces*, con periodicidá anual. A publicación quer ser úa cal d'espresión y debate entre pensadores y creadores, ademáis de dar conta das actividades feitas y por fer da Fundación.

Asuntos como el da posta en valor dos recursos locales –entre os qu'el patrimonio cultural é ben importante– ou a búsqueda da calidá del territorio como motor de desarrollo, trátanse nos sous artículos iniciais da mao de Benjamín Méndez y Fredo de Carbexé, veyos conocidos d'ENTRAMBASAUGUAS. A revista quer ser bilingüe y varios artículos tán en gallego-asturiano.

Internet

Internet é un bon medio pra difusión das llinguas minorizadas. Ei tán as muitas páxinas en llinguas como el asturiano ou el gallego. Sicasí, a presencia da nosa fala na rede é einda mínima y redúcese á iniciativa, ben meritória, de particulares. Por eso é úa búa noticia qu'úa asociación cultural, Xeira, se decida a abrir este camín tan pouco andao con úa páxina web escrita dafeito en gallego-asturiano. Nella bríndase información sobre as súas actividades, publicacións, comunicaos y úa bibliografía ben ampria sobre a nosa fala y a zona. A dirección da páxina é www.xeira.org y el sou correo electrónico é xeira@asturias.org.



A SITUACIÓN ACTUAL DA ESCOLARIZACIÓN DEL GALLEGO-ASTURIANO

Condo xa ta medio este curso escolar parece axeitao fer úa reflexión sobre a situación actual da escolarización del gallego-asturiano polo que ten de precaria y pol pouco apoio que se percibe dende os organismos oficiais con capacidá de decisión nel caso.

Agora mesmo tase impartindo a nosa fala nestos centros del Navia-Eo:

- C.P.R.A. "Villayón", con 75 alumnos, sendo el segundo curso que s'ofrece y abarcando tanto Enseñanza Infantil como Primaria y Enseñanza Secundaria Obrigatoria.

- C.P. "Ramón de Campoamor", de Navia, con namáis 30 alumnos de Primaria participando da experiencia, a pesar de que xa lleva varios anos ofrecéndola.

- C.P.R.A. "Eilao-Sarcedá", con 15 alumnos de Primaria.

- C.P. "El Salvador", de Grandas, con 11 alumnos de Primaria y 4 da E.S.O.

- C.P. "Príncipe d'Asturias", de Tapia, con 24 alumnos d'Infantil y 120 de Primaria.

- C.P.R.A. "Castropol", namáis nas escolas de Tol y Barres, con 15 alumnos d'Infantil y primeiro ciclo de Primaria.

- I.E.S. "Marqués de Casariego", de Tapia, con 12 alumnos de 2º da E.S.O.

Hai que fer notar qu'hai poucos anos namáis s'impartían clases de gallego-asturiano en dúas escolas, Tapia y Navia, y qu'actualmente ten presencia como asignatura optativa en máis centros da zona y chegando hasta un I.E.S, pero a situación ta llonge de sera a ideal. En dalgún dos centros el número d'alumnos medra mentres que noutros baxa peligrosamente. Podemos preguntarnos os motivos.

Ben é verdá que por tratarse d'úa materia optativa a os nenos déixase decidir se queren seguir ou non, pero tamén e verdá que nas decisións dos alumnos y das propias familias influye el xeito d'ofrecer a materia y tamén a campaña de promoción ou de desprestixio que la acompañe. Neste sentido pódense nombrar

abondas irregularidades como estas:

- Hai centros unde os resultaos da elección dos alumnos desaparecen inesplicablemente d'un ano pra outro, de tal xeito qu'el asignatura queda sin alumnos sin qu'haxa probas documentales que xustifiquen esas decisións.

- Ás veces, ademáis, en dalgús centros nun se fain públicos os resultaos das autorizacións qu'as familias firman pra escoyer entre as dúas opcións posibles: *gallego-asturiano* ou *cultura asturiana*.

- En dalgún centro chegou a dicírseles a os padres qu'escoyer gallego-asturiano iba ir en detrimento del horario de llingua castellana y de conocimiento del medio.

- Noutros nun se respetan os prazos qu'a mesma Consejería marca pra escoyer y que sempre coinciden col final del curso lectivo, esperando

al empezo del outro curso, cousa que nin é llegal nin favorable pra experiencia.

- Muitas veces el maestro ou maestra incorpóranse tarde porque a Viceconsejería nun los nombra a tempo y esto, en dalgús casos, aprovétase pra desanimar tanto a os nenos como ás familias a participar na experiencia.

- Hai dalgún caso en qu'el asignatura nun pode botar a andar pol desinterés qu'os propios centros mostran: se el número de nenos é pequeno, a Viceconsejería nun dota de maestro pero argumenta que lo feiría se dende a escola se fixese úa petición espresa basándose na especial situación del gallego-asturiano y nos beneficios que supoñería empezar a experiencia núa zona claramente bilingüe. Nun fai falta dicir qu'esa petición da escola nunca se fai y os alumnos quedan sin a posibilidade d'escoyer el asignatura.

Nun taba de máis qu'igual que xuntan os padres pra informellos sobre cualquier tema relacionao cua educación dos sous fiyos (muitas veces de manera protocolaria), tamén se xuntaran pra esplicaryes todos os detalles sobre a escolarización del gallego-asturiano. Parécenos qu'esto sería el xeito de que s'aclararan muitas dudas y malos entendidos como, por exemplo, se hai que pagar algo pra ter clase de gallego-asturiano, se condo se cambia de ciclo ou d'escola vei seguirse cua experiencia ou d'ónde sale el horario dedicao al asignatura. Sería el momento de deixaryes claro qu'a llingua que se vei enseñar a os nenos nun é outra qu'a da zona, y qu'el alternativa llegal pra os alumnos que nun escoyen *gallego-asturiano* é *cultura asturiana*, esplicando claramente que nun poden nin adelantar materia d'outras áreas nin reforzar os conocimientos que xa tein.

Ta demostrao qu'os centros unde el equipo directivo y el claustro son favorables á experiencia, ésta manténse y medra y naquellos outros nos que nun é así, vei menguando.

Nun se pode deixar al arbitrio dos centros, ou dos sous responsables, el cumprimento da llei que defende os deretos de todos os asturianos.

